

PSICOLOXÍA

Planificación do curso. A nota de cada avaliación desglósase en:

a) Traballos-exposicións dos alumnos: 60% da nota, exercicios e tarefas propostas polo profesor na aula virtual que tamén pode ser un exame 20 % e atención e participación na clase: 10% e traballos a maiores elixidos polo alumnado para subir nota: 10%.

1ª AVALIACIÓN

A) Traballo-exposición: Na 1ª Avaliación cada alumno escollerá (sen que dous alumnos escollan a mesma escola) unha das escolas de psicoloxía do tema 1 do libro de texto (ampliado no meu tema 1) e fará unha presentación audiovisual (con imaxes, esquemas, videos curtos etc) das ideas fundamentais desa escola e dos seus representantes máis importantes. A presentación levará unha nota polo contido e forma e outra nota pola exposición (ben preparada, sen ter que ler todo): ambas notas farán media. 60%

B) Os exercicios propostos na aula virtual ou pequenas probas escritas. 20%

C) Traballos voluntarios a maiores. 10%

D) Participación e actitude na clase. 10%

2ª AVALIACIÓN

A) Nesta avaliación cada alumnado elixirá un trastorno psicolóxico típico da adolescencia (ou non), coma TDAH, anorexia, bulimia, depresión, problemas de autoestima, Asperger, esquizofrenia, adicións a drogas, sexo, xogos, aparellos electrónicos etc. e explicará este problema intentando dar unha solución dende o punto de vista da escola de psicoloxía que escolleu na 1ª avaliación. O interesante neste caso é que cada alumno é libre de escoller o problema psicolóxico que máis lle interese, pero sería aínda máis interesante que escollera un problema que el/ela mesmo sufrira ou algún familiar ou amigo que coñeza. Deste xeito pode aportar información de primeira man: testemuños da persoa, como saíu do problema etc (deixando no anonimato os datos persoais desta persoa). 60%

B) Os exercicios propostos na aula virtual ou pequenas probas escritas. 20%

C) Traballos voluntarios a maiores. 10%

D) Participación e actitude na clase. 10%

3ª AVALIACIÓN

A) Na 3ª o alumno escollerá algún dos temas finais do libro de texto (sen que se solapen as escollas) e fará unha presentación ampliando un pouco a información do libro de texto. Fará unha presentación ante a clase e terá dúas notas tal e como dixemos na 1ª avaliación. 60%

B) Os exercicios propostos na aula virtual ou pequenas probas escritas. 20%

C) Traballos voluntarios a maiores. 10%

D) Participación e actitude na clase. 10%